

Esta secretaría xeral técnica resolveu emprazar para que comparezan perante a Sala, no prazo de 5 días, a tódolos interesados no procedemento, e, polo tanto, lexitimados para poder presentarse perante ela.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1992.

Lucio Rafael Soto  
Secretario xeral técnico da Consellería de  
Educación e Ordenación Universitaria

#### Consellería de Agricultura, Gandería e Montes

*Corrección de erros.—Orde do 22 de maio de 1992, pola que se declara a existencia dunha praga de pulguíña do carballo (Al-tica quercetorum).*

Advertidos erros no texto da devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 111, do 11 de xuño, procede efectuar a súa rectificación do seguinte xeito:

O seu número 2 quedará redactado como segue: «2.—Os propietarios de montes que ó xuízo da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, poidan verse afectados pola actuación desta praga, deberán autorizar a realización, por parte da Administración, dos traballos de prevención e extinción que esta considere necesarios, sen prexuízo dos tratamentos que os propietarios poidan desenvolver nos seus predios».

No anexo, débese engadirse o concello de Sarria.

#### Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

*Orde do 26 de maio de 1992 pola que se amplía o período de prórroga e se actualiza o importe das bolsas de especialización de titulados superiores e de técnicos especialistas en FP de segundo grao.*

Por respectivas ordes do 29 de maio de 1990 da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (DOG nº 131 do 5 de xullo), convocáronse bolsas para a especialización de titulados superiores no campo da investigación en cultivos mariños e bolsas de especialización de técnicos especialistas en formación profesional 2º grao, estabéndose nos anexos das ditas ordes os períodos e lugares de realización: Centro Experimental de Vilaxoán, Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo e Centro de Experimentación en Acuicultura de Couso.

Como consecuencia das obras de remodelación que se levaron a cabo no Centro Experimental de Vilaxoán, que obrigaron a suspender as actividades do centro, os bolseiros destinados nel non puideron realizar con aproveitamento o desfrute da bolsa; por tal motivo, e co fin de que estes bolseiros poidan completar a súa formación,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Con cargo á partida 012.04.432.C.480 prorrogase por un ano máis o período de desfrute das bolsas ós bolseiros do Centro Experimental de Vilaxoán que figuran no anexo desta orde.

##### Artigo 2º

A contía de cada bolsa (prorrogada) será un millón cento trinta e catro mil pesetas (1.134.000) brutas anuais para os titulados superiores e de oitocentas oitenta e dúas mil pesetas (882.000) brutas anuais para os técnicos especialistas en formación profesional de 2º grao.

##### Artigo 3º

Os beneficiarios desta prórroga quedan obrigados ó cumprimento da normativa fixada nas respectivas ordes de convocatoria.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1.—Facúltase a directora xeral de Formación Pesqueira e Investigación para dictar as normas necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

2.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 1992.

Enrique César López Veiga  
Conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

#### ANEXO

##### TITULADOS SUPERIORES:

DNI

Lama Varela, Antonio	36.072.315
Mosquera Gutiérrez, Mª Mar	34.960.655
Parada Encisa, José Manuel	35.449.909

##### TÉCNICOS ESPECIALISTAS FP2:

DNI

Mejuto Rial, Mª Ana	32.771.731
Rey Muñiz, Xosé Lois	35.451.163
Varela Fernández, José Ángel	33.266.585

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Orde do 1 de xuño de 1992 pola que se anuncian probas de ingreso para o curso académico 1992/93 do INEF de Galicia.*

De conformidade coa lexislación vixente, anúncianse prazas para cursar estudos de licenciado en educación física no INEF de Galicia, de acordo coas seguintes: